MANIFESTO INSTITUCIONAL

“Dia internacional contra a violencia de xénero”

Boiro, 25N 2016

Hoxe, 25 de novembro día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres dende o Concello de Boiro expresamos a nosa dor pola morte violenta de 40 mulleres a mans das súas parellas ou ex parellas no que vai deste ano.

Desexamos que sexa visible a nosa repulsa contra esa violencia de xénero que fai estragos de xeito silencioso evidenciando que segue a ser unha abrumadora realidade na nosa sociedade.

Nunha sociedade legalmente igualitaria, cun marco xurídico que nos sitúa na vangarda dos países do noso entorno, as cifras de mortes e agresións contra as mulleres son demoledoras e indican a necesidade de incrementar os esforzos para erradicala.

Dende o Concello de Boiro manifestamos o noso máis enérxico rexeitamento ante calquer tipo de violencia contra as mulleres renovando o noso firme compromiso de continuar impulsando accións que teñen como obxetivo a erradicación de actitudes e comportamentos cotiáns.

Son eses comportamentos os que reproducen a desigualdade contribuíndo así a perpetuar a violencia contra as mulleres e as nenas, e contra eles temos que seguir actuando, por elo dende o concello queremos dicir alto e claro:

“Non máis golpes que doan nin máis palabras que firan”

non máis mortes nin máis dor; non máis celos e control; non máis expresións machistas; non máis silencios cómplices co agresor; non máis pechar os ollos.

Sí a valentía de quen denuncia; sí a repulsa pública da violencia machista; sí a eficacia das medidas de protección; e por riba de todo sí a educación igualitaria entre homes e mulleres, porque educar hoxe en igualdade e respetar e previr a violencia de mañá.